


FERROL VERÁN

DO 21 AO 31 DE AGOSTO DE 2008



Concello de Ferrol
COMISION DE FESTAS

LOCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS



SAÚDA

Chega o tempo da troula, do lecer que sabe gustar da música, dos espectáculos que enchen de sorrisos, de conversas, de sons, as nosas rúas, que lles arrincan a faciana máis amable e lúdica. Queremos que as rúas e prazas de Ferrol sexan o ámbito privilexiado para gozar da nosa cidade en Festas neste verán de 2008. Recuperamos as rúas cun abano variado e coidado de actuacións que devolven a calidade de espazo relacional á nosa cidade. Porque se constrúe cidadanía cando ocupamos as rúas para vivilas, cando nos xuntamos co gallo de celebrarmos como comunidade cunha ricaz historia e un prometedor porvir.

As Festas de Verán son unha oportunidade magnífica para amosar as nosas potencialidades. Festa, cultura e turismo anoan unha relación afortunada que permite albergar confianza no noso futuro como cidade. O programa de festas, a hospitalidade e bonhomía da nosa veciñanza, os atractivos dunha cidade medieval, ilustrada, modernista e racionalista, a extraordinaria fermosura dos contornos naturais entre outros fan da nosa cidade unha certidume gozosa para o lecer deste verán.

Que as sortes boas nos sexan propicias e nos conxuren para respirar o alento máxico da ledicia nas Festas de Verán do noso Ferrol.

Yolanda Díaz Pérez

Concelleira de Cultura, Promoción Turística e Festas de Ferrol

XOVES 21

■ Pregón das festas

Balcóns do Concello. Praza de Armas

As noites na Praza de Armas

22.30 horas. **ENTRADA LIBRE**

Amparanoia "bye bye tour". Este grupo de música mestiza pon punto e final á súa carreira profesional despois de máis de 10 anos de éxitos e 2.000 concertos, colaboracións con centos de artistas e a obtención do prestixioso premio BBC Awards 2005.



VENRES 22

■ Animación de rúa

18.30 e 20.30 horas.

Trasno*. Espectáculo que integra circo, música e danza arredor dun círculo pechado.

*Rúas Real (entre rúa Méndez Núñez e rúa Terra), Galiano (entre as prazas de España e Armas) e Dolores (entre as prazas de Armas e Amboage).

As noites na Praza de Armas

22.30 horas. **ENTRADA LIBRE**

Santiago Auserón & Original Jazz Orchestra.

Santiago Auserón refai os temas da súa época en Radio Futura e Juan Perro para darlles un aire novo xunto aos magníficos músicos da Original Jazz Orchestra do Taller de Músics. (En colaboración coa Fundación Caixa Galicia).



Santiago Auserón & Original Jazz Orchestra

SÁBADO 23

■ Animación de rúa

18.30 e 20.30 horas. **Praza de Amboage**

Cigani & Cía. Espectáculo que integra música en directo e a participación directa do público. Inspirado nos personaxes e na estética dos filmes de Emir Kusturika.



As noites na Praza de Armas

22.30 horas. **ENTRADA LIBRE**

Los Secretos. O paso do tempo non fai máis que demostrar que as cancións dos Secretos, o grupo que pivotou arredor dos irmáns Urquijo, son inmortais. Agora o conxunto celebra o seu 30 aniversario cun percorrido por diversas cidades, entre elas Ferrol.



DOMINGO 24

■ Animación de rúa

13.30 horas. **Remata na Praza de Armas**

Purgatorio. (Pasarrúas sesión vermú).



As noites de Amboage

22.30 horas. **ENTRADA LIBRE**

Nancy Vieira. É calificada pola prensa especializada como a sucesora natural de Cesaria Évora. No directo na praza de Amboage mostrará a calidez da súa voz a ritmo de mornas e outros estilos típicos da súa terra Cabo Verde.



LUNS 25

■ Actividades para peques

16.00 a 19.00 horas. **Praza de Amboage**

Os Piratas

■ Clásicos na rúa

21.00 horas. **Adro da Concatedral de San Xiao**

Grupo Metales Sta. Cecilia

As noites de Amboage

22.30 horas. **ENTRADA LIBRE**

Noite de Habaneras

Laura Amado. Convertida por un tempo na voz de Milladoiro, a ferrolá cantará acompañada das Rondallas.



Laura Amado

MARTES 26

■ Actividades para peques

16.00 a 19.00 horas. **Praza de Amboage**

Xogos populares

■ Clásicos na rúa

21.00 horas. **Adro da Concatedral de San Xiao**

Cor D'Ayre

As noites de Amboage

22.30 horas. **ENTRADA LIBRE**

Eliseo Parra. Un gran artista que se crece nos directos amosando o seu grande coñecemento da música tradicional das tribus hispanas.



Eliseo Parra

MÉRCORES 27

■ **Actividades para peques**

De 16.00 a 19.00 horas. **Praza de Amboage**

A Maxia

■ **Clásicos na rúa**

21.00 h. **Adro da Concatedral de San Xiao**

Trío Tedesca

As noites de Amboage

22.30 horas. **ENTRADA LIBRE**

Viviane. Esta artista nada en Francia, pero convertida nunha das voces máis carismáticas da música portuguesa, grazas ao seu rexistro envolvente e a súa actitude peculiar nos escenarios, fará vibrar ao público máis esixente.



Viviane

XOVES 28

■ Actividades para peques

16.00 a 19.00 horas. Praza de Amboage

Inchables

■ Clásicos na rúa

21.00 h. Adro da Concatedral de San Xiao

Cuarteto Solistas de Galicia

As noites de Amboage

22.30 h. **ENTRADA LIBRE**

Javier Ruibal. Din os críticos del que é un delito non coñecer a súa música. Javier Rubial, acompañado de Andrés Suárez, trae a Ferrol as súas mellores composicións, froito dun duro traballo ao longo de moitos anos.



Javier Ruibal

VENRES 29

■ Animación de rúa

13.30 e 19.00 horas. Praza de Amboage

Ringo-Rango

■ Actividades para peques

De 16.00 a 19.00 horas. Praza de Amboage

O Circo

As noites no Parque

22.30 horas. **ENTRADA LIBRE**

Noite hip-hop.

Imperio Norte. Proxecto conxunto dos artistas Mundo (Portugal) e El Puto Coke (Vigo) que ten como propósito a edición dun CD de hip-hop luso-galego.

7 notas 7 colores. Tras cinco anos de silencio, trae a Ferrol as cancións dun novo disco que se converterá no acontecemento musical do ano no hip-hop.



SÁBADO 30

■ Animación de rúa

13.30 e 18.00 horas.

Manualidades*

14.30 e 20.30 horas.

El bar de Lupo*

*Rúas Real (entre rúa Méndez Núñez e rúa Terra), Galiano (entre as prazas de España e Armas) e Dolores (entre as prazas de Armas e Amboage).

As noites no Parque

22.30 horas. **ENTRADA LIBRE**

Noite do rock galego.

Narf. O proxecto do polifacético Fran Pérez rompe as barreiras e convértese nunha das aventuras musicais máis interesantes da última década en Galicia.

Deluxe. Neste concerto Deluxe demostrará que xa está xogando na lida dos máis grandes da música española. O seu directo é un acontecemento popular.



Narf

DOMINGO 31

■ Animación de rúa

13.30 horas. **Praza de Armas**

Swing Guitars. Concerto con amplo abano de xéneros musicais traducidos ao estilo dos xitanos centroeuropeos.

Cabaré Pistacatro. Pasarrúas (remata ás 19.00 horas en Amboage).

■ Fogos de artifício

23.00 horas. **Enseada da Malata**

■ Verbena

23.30 horas. **Cantón de Molíns**

Grupo América

As noites no Parque

23.45 horas. **ENTRADA LIBRE**

Noite tropical.

Reevel Brix. Este grupo angoleño presenta en Ferrol o seu proxecto máis persoal, no que fusiona estilos tan diversos como rock, reggae, zouk e world music, entre outros.

Manhimal. Sacode as masas en Brasil desde o ano 1990 co ritmo "Rockongo". En Ferrol será capaz de facer bailar aos máis aburridos.



Reevel Brix

PROGRAMACIÓN CULTURAL AGOSTO

TEATRO JOFRE

■ Día 9

21.00 horas. **Teatro**

Teatro Corsario. "La barraca de Colón"

Prezo entradas: 12 euros (patio de butacas, platea e 1ª planta),
9 euros (2ª e 3ª plantas).

(En colaboración coa Fundación Caixa Galicia).

■ Día 13

21.00 horas. **Danza**

Grupo Los Derviches del Cairo

Prezo entradas: 15 euros (patio de butacas, platea e 1º planta),
9 euros (2ª e 3ª prantas).

(En colaboración coa Fundación Caixa Galicia).

■ Días 30-31

20.30 horas.

Concurso de gaita galega Constantino Bellón

ENTRADA LIBRE

CENTRO TORRENTE BALLESTER

■ Días 1-31

Exposición 20 Premio Máximo Ramos de Gravado

Horario visitas: martes a domingo de 10.30 a 14.00 horas
e de 19.00 a 21.30 horas.

ENTRADA LIBRE

PRAZA DE AMBOAGE

■ Día 17

22.00 horas. **Musical**

Teatro Nacional de Brno (República Checa).

"Cabaret" e "Jesucristo Superstar"

(En colaboración con Caixa Nova).

ENTRADA LIBRE

FERROL
VERÁN
DO 21 AO 31 DE AGOSTO DE 2008

www.ferrol.es



Concello de Ferrol
COMISIÓN DE FESTAS